

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/>

Instagram : @escoladevite e @orientacion.vite1

ACTIVIDADES INCLÚE-T. AULA MULTISENSORIAL

O CEIPP de Vite conta cunha aula multisensorial dende o curso académico 2021-22, gracias ao apoio económico conseguido a través da participación nos CPIInclúe e da dotación da Xunta.

Este espazo MULTISENSORIAL seguiu equipándose neste curso e está destinada a todo o alumnado que necesite experiencias de relaxación, estimulación, comunicación, atención... e en especial, para alumnos e alumnas con NEE e problemas asociados que necesitan unha estimulación específica debido a súa pluridiscapacidade.

A aula conta con materiais e recursos adaptados para estimular os diferentes sentidos: visual, auditivo, táctil, propioceptivo...

Un ambiente diferente de traballo con multitude de posibilidades e pensado para os nosos rapaces e rapazas, tendo en conta que o alumnado usuario deste espazo presenta unhas características comúns: baixo nivel de autonomía debido a imposibilidades motoras, baixa capacidade comunicativa e alto tempo de resposta. Polo tanto as áreas de desenvolvemento nas que debemos centrarnos son: cognitiva, motora e social-comunicativa.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/node/626>

